



# MATRÍCULA 2023-24

Dende o día **1 ó 20 de marzo** ábrese o prazo de matrícula neste Centro para o curso 2023-24.

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- ✓ Impreso de admisión ordinaria (anexo II) debidamente cumprimentado e asinado por ambos proxenitores.
- ✓ Fotocopia do libro de familia (todas as follas que estean cubertas).
- ✓ Fotocopia da cartilla de vacinacións.
- ✓ Fotocopia da tarxeta sanitaria do/da alumno/a.
- ✓ Certificado de empadramento (de todos os membros da unidade familiar), onde figure o domicilio actual. **O domicilio fiscal ten que coincidir co domicilio familiar.**
- ✓ DNI, NIE ou Pasaporte dos pais/nais, titores ou representantes legais.
- ✓ Dúas fotografías tamaño carné.
- ✓ Impresos de datos de uso interno do colexio.
- ✓ Certificado do colexio de procedencia no que conste o nivel cursado durante 2022/23. (só o alumnado que veña doutro centro)
- ✓ Fotocopia do convenio regulador ou resolución xudicial en caso de separación ou divorcio onde se adxudique a custodia.
- ✓ Fotocopia do certificado de familia numerosa, se fora o caso.
- ✓ Fotocopia do certificado de minusvalía dos membros da unidade familiar, se houbera.

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha destas opcións:

- 1- Cubrir a solicitude informáticamente, descargala e presentala asinada de xeito manual no centro en horario de luns a venres de 9:00 h ás 14:00 h.
- 2- Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada no centro en horario de luns a venres de 9:00 h ás 14:00 h.
- 3- Cubrir a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica. Para presentala a través da Sede Electrónica deberá acceder a admisionalumnado con usuario de Chave365 ou con certificado dixital e achegar escaneada toda a documentación pertinente.

Os impresos de solicitude de matrícula poderanse recoller no colexio a partires do 27 de febreiro ou descárgalos da páxina web do colexio ou na aplicación admisionalumnado.

Antes do 25 de abril publicaranse no taboleiro do centro as listaxes provisionais de admitidos e excluídos, e antes do 16 de maio a relación definitiva. Nos cinco días seguintes á publicación poderase reclamar ante o Sr. Xefe territorial.

O Porriño, 22 de febreiro de 2023.



A Directora

Rosa María Baladrón Iglesias